#### **4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo                                                                                                  | Completo |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|
| RA1 - Formula o traballo de acordo coas características do produto, relacionando a prescripción facultativa co proceso de elaboración. | SI       |

#### **4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación                                                                                                      |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA1.1 Describiuse a normativa legal que deben cumprir as próteses dentais, os aparellos de ortodoncia e as férulas oclusais. |
| CA1.2 Identifícanse os datos salientables que deben aparecer na prescripción facultativa.                                    |



| Criterios de avaliación                                                                                                                                               |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA1.3 Rexistráronse os datos de identificación da prótese dental e de aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.                                                     |
| CA1.4 Determinouse a cor e a morfoloxía dental individual.                                                                                                            |
| CA1.5 Seleccionáronse os materiais que se vaian utilizar segundo a súa idoneidade, a calidade, os acabamentos e a fiabilidade.                                        |
| CA1.6 Seleccionáronse os elementos do produto que cumpren os criterios de funcionalidade estética, calidade e custo.                                                  |
| CA1.7 Determinouse a elaboración da prótese dentofacial, o aparello de ortodoncia ou a férula oclusal segundo os procedementos normalizados de traballo establecidos. |
| CA1.8 Enumeráronse vantaxes e inconvenientes das posibles alternativas.                                                                                               |

#### **4.7.e) Contidos**

| Contidos                                    |
|---------------------------------------------|
| Lexislación.                                |
| Prescrición facultativa.                    |
| Próteses dentais.                           |
| Aparellos de ortodoncia e férulas oclusais. |

#### **5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

##### **MÍNIMOS EXIXIBLES**

Serán tódolos criterios de avaliación indicados como mínimo esixible para cada Unidade Didáctica da presente programación.

NOTA: os mínimos exixibles aquí establecidos poderán variar segundo a metodoloxía levada a cabo polo grupo, polo que, no caso de que varíe a cualificación de mínimo exixible a non mínimo exixible (ou viceversa) esta modificación será recollida no seguimento mensual e comunicado expresamente na clase.

##### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**



As cualificación serán divididas en contidos conceptuais e procedimentais para cada unha das Unidades didácticas das que se trate, tendo en conta as porcentaxes ou peso de cada unha das UD reflexadas no pto 3 da programación :

OBSERVACIÓNS: se non se prevé ou non é posible a realización dalgún dos puntos citados anteriormente nalguna das unidades didácticas durante o desenvolvemento da programación, a porcentaxe de dito apartado distribuirase entre o resto dos criterios do punto ao que pertence segundo necesidades da mesma. No caso de non realizar ningún apartado nos que se divide algún contido, p.e. contidos procedimentais, a porcentaxe destes distribuirase entre os puntos nos que se se dividen os contidos conceptuais. Ditas porcentaxes están referidas no caderno de aula do profesorado.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

As cualificación serán divididas en contidos conceptuais e procedimentais para cada unha das Unidades didácticas das que se trate, tendo en conta as porcentaxes ou peso de cada unha das UD reflexadas no pto 3 da programación :

##### 1. CONTIDOS CONCEPTUAIS (teóricos)

1.1. PROBAS TEÓRICAS: versarán sobre os contidos teórico e teórico - prácticos do currículo especificados no módulo e poderán incluír cuestións de diferentes índole, como de elección (test), de resposta curta, longa e/ou de desenvolvemento e incluso realización de traballos sobre os contidos correspondentes.

CARÁCTER = serán OBRIGATORIAS E ELIMINATORIAS, de xeito que para a súa superación se deberá obter unha nota mínima dun 5 sobre 10 en dito apartado ou dun 4.5 sobre 10 para poder facer media coas restantes partes.

REALIZACIÓN: en clase.

NOTA: a cantidade de probas escritas a realizar serán establecidas polo profesorado segundo características do alumnado e temporalización do módulo.

1.2. ACTIVIDADES DE REPASO: versarán sobre os contidos teórico e teórico - prácticos do currículo especificados no módulo e poderán incluír cuestións de diferentes índole, como de elección (test), de resposta curta, longa e/ou de desenvolvemento, xogos, crucigramas, láminas para cumprimentar, e incluso realización de traballos sobre os contidos correspondentes.

CARÁCTER = OBRIGATORIAS pero NON eliminatorias, de xeito que deberán facerse en clase ou en casa segundo necesidades da programación, e entregadas no aula virtual ou en man, en caso de petición do profesorado. Serán puntuadas cunha nota entre un 0 e un 10 aínda que non será necesario unha nota mínima dun 4.5 sobre 10 para facer media coas restantes partes ou dun 5 sobre 10 para a súa superación, senón que a nota obtida nas actividades será sumada os restantes apartados.





**REALIZACIÓN:** serán realizadas trala explicación dos contidos teóricos de cada UNIDADE DIDÁCTICA coa finalidade de afianzar ditos contidos. Serán realizadas en clase ou en casa segundo necesidades de temporalización do módulo, e entregadas en tempo e forma a través do AULA VIRTUAL. A entrega fora de prazo será penalizada seguindo as indicacións do profesorado reflexadas nas mesmas. Serán realizadas e pechadas en clase, polo que aquelas actividades NON ENTREGADAS en tempo e forma, putuarán cun 0 sobre 10.

**1.3. ACTIVIDADES DE AULA:** versarán sobre os contidos teórico e teórico - prácticos do currículo especificados no módulo e poderán incluír cuestións de diferentes índole, como de elección (test), de resposta curta, longa e/ou de desenvolvemento, xogos, crucigramas, láminas para cumprimentar, fichas de traballo, exercicios de relacionar e incluso realización de traballos sobre os contidos correspondentes.

**CARÁCTER = OBRIGATORIO** pero NON eliminatorio, de xeito que se sumará a % obtida nas mesmas os restantes apartados. Serán puntuadas igualmente cunha nota entre un 0 e un 10 aínda que non será necesario unha nota mínima dun 4.5 sobre 10 para facer media coas restantes partes ou dun 5 sobre 10 para a súa superación.

**REALIZACIÓN:** serán realizadas e entregadas en clase, polo que putuarán cun 0 sobre 10 para aquelas persoas que non acudan ese día, e NON SERÁN TIDAS en conta para aquelas que teñan xustificación de dita falta, obtendo a nota coas restantes actividades realizadas.

**1.4. ACTIVIDADES OPTATIVAS:** versarán sobre os contidos teórico e teórico - prácticos do currículo especificados no módulo e poderán incluír cuestións de diferentes índole, como de elección (test), de resposta curta, longa e/ou de desenvolvemento, xogos, crucigramas, láminas para cumprimentar, fichas de traballo, exercicios de relacionar e incluso realización de traballos sobre os contidos correspondentes.

**CARÁCTER =** serán OPTATIVAS, de xeito que únicamente serán puntuadas para aquelas persoas que realicen a súa entrega, de non ser entregadas non se sumará a porcentaxe correspondente deste apartado a nota final da UD. Serán puntuadas igualmente cunha nota entre un 0 e un 10 aínda que non será necesario unha nota mínima dun 4.5 sobre 10 para facer media coas restantes partes ou dun 5 sobre 10 para a súa superación.

**REALIZACIÓN:** serán realizadas en casa e entregadas en tempo e forma no AULA VIRTUAL. A entrega fora de prazo será penalizada seguindo as indicacións do profesorado reflexadas nas mesmas.

## 2. CONTIDOS PROCEDIMENTAIS (prácticos)

**2.1. PROBAS PRÁCTICAS (Laboratorio):** realización das prácticas na aula por parte do alumnado e entrega para a súa calificación polo profesorado en tempo e forma según indicacións do profesorado e do AULA VIRTUAL. A súa corrección realizarase por medio DE TABOAS DE COTEXO segundo as indicacións recollidas no AULA VIRTUAL..

**CARÁCTER =** serán OBRIGATORIAS E ELIMINATORIAS, de xeito que para a súa superación se deberá obterer unha nota mínima dun 5 sobre 10 en dito apartado ou dun 4.5 sobre 10 para poder facer media coas restantes partes.

**REALIZACIÓN:** en clase.



NOTA: a cantidade de probas escritas a realizar serán establecidas polo profesorado segundo características do alumnado e temporalización do módulo.

2.2. TRABALLO NO LABORATORIO: se deberá cumprir a normativa de prevención de riscos laborais e seguridade e hixiene no laboratorio, po iso, será calificado de xeito individual o traballo diario, a orden, limpeza, traballo en equipo, cumprimento dos grupos de limpeza semanal e correcta utilización e manipulación dos materiais e equipamentos de traballo seguindo a mencionada normativa.

2.3. ACTIVIDADES OPTATIVAS : versarán sobre os contidos teórico e teórico - prácticos do currículo especificados no módulo e poderán incluír cuestións de diferentes índole, como de elección (test), de resposta curta, longa e/ou de desenvolvemento, xogos, crucigramas, láminas para cumprimentar, fichas de traballo, exercicios de relacionar e incluso realización de traballos sobre os contidos correspondentes.

CARÁCTER = serán OPTATIVAS, de xeito que únicamente serán puntuadas para aquelas persoas que realicen a súa entrega, de non ser entregadas non se sumará a porcentaxe correspondente deste apartado a nota final da UD. Serán puntuadas igualmente cunha nota entre un 0 e un 10 aínda que non será necesario unha nota mínima dun 4.5 sobre 10 para facer media coas restantes partes ou dun 5 sobre 10 para a súa superación.

REALIZACIÓN: serán realizadas en casa e entregadas en tempo e forma no AULA VIRTUAL. A entrega fora de prazo será penalizada seguindo as indicacións do profesorado reflexadas nas mesmas.

#### A TER EN CONTA:

1. Na corrección das actividades terase en conta a estrutura e presentación das mesmas (formato, letra, orden) e contidos mínimos e adecuados segundo o especificado polo profesorado. No caso de traballos e/ou actividades de realización grupal, ademais de todo o anterior, tamén se terá en conta a exposición individual do traballo , a capacidade en equipo e a división do traballo, todo segundo TABOA DE COTEXO.
2. Deberá obterse unha nota mínima dun 4.5 sobre 10 en cada unha das partes mencionadas OBRIGATORIAS para poder facer media coas restantes partes dos CONTIDOS.
3. Deberá obterse unha nota mínima dun 5 sobre 10 en cada unha das partes mencionadas para a superación de dito apartado e polo tanto da UD.
4. Se non se prevé ou non é posible a realización dalgún dos puntos citados anteriormente nalgunha das unidades didácticas durante o desenvolvemento da programación, a porcentaxe de dito apartado distribuirase entre o resto dos criterios do punto ao que pertence segundo necesidades da mesma. No caso de non realizar ningún apartado nos que se divide algún contido, p.e. contidos procedimentais, a porcentaxe destes distribuirase entre os puntos nos que se se dividen os contidos conceptuais. Ditas porcentaxes están referidas no caderno de aula do profesorado.

#### NOTA DAS AVALIACIÓNS

A nota de cada UD será calculada multiplicando a nota obtida polo alumnado pola porcentaxe desa UD reflexada no punto 3.a. da programación.

Para facer media coas partes de cada UD, deberá acadarse unha nota MÍNIMA dun 4,5 sobre 10 nos apartados de PROBAS TEÓRICAS e PROBAS PRÁCTICAS referidos nos CONTIDOS.

As notas das Avaliacións serán obtidas sumando as notas ponderadas de cada unha das UD calificadas durante dito período.

Tanto para a superación das UD, como das Avaliaciones, deberá acadarse unha nota MÍNIMA dun 5 sobre 10.



A nota que figurará nos BOLETÍNS TRIMESTRAIS, será un número enteiro correspondente a nota obtida, sen ter en conta os decimais, os cales serán gardados para o cálculo da NOTA FINAL.

As datas de exame serán establecidas polo profesorado do módulo correspondente, e só se farán exames extraordinarios fora de ditas datas por motivo de forza maior segundo a NORMATIVA DO CENTRO e SEMPRE, coa correspondente xustificación escrita de dita falta.

#### NOTA FINAL

Para acabar a NOTA FINAL do módulo, se sumará a nota obtida en cada Ud calculada coa súa ponderación correspondente reflexada no apartado 3.a desta programación. Terase en conta a porcentaxe dos criterios de avaliación de cada unidade didáctica e o peso ponderado que ten cada unidade dentro do módulo.

Para a superación do módulo deberase acadar unha NOTA MÍNIMA dun 5 sobre 10.

A nota que figurará no BOLETÍN FINAL, será un número enteiro redondeando cara arriba cando o primeiro decimal sexa 5 ou superior, e cara abaixo cando sexa inferior a 5.

#### PESOS DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

##### UD 1. Estructura do aparello estomatognático (15 %)

CONTIDO CONCEPTUAIS = 100 %

Probas teóricas = 50 %

Actividades de repaso = 10 %

Actividades de aula = 20 %

Actividades optativas = 20 %

##### UD 2. Morfología dentaria (15 %)

CONTIDO CONCEPTUAIS = 50 %

Probas teóricas = 30 %

Actividades de repaso = 10 %

Actividades de aula = 5 %

Actividades teóricas optativas = 5 %

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS = 50 %

Probas prácticas = 40 %

Traballo no laboratorio = 5 %

Actividades optativas = 5 %



UD 3. Oclusión (15 %)

CONTIDO CONCEPTUAIS = 70 %

Probas teóricas = 40 %

Actividades de repaso = 10 %

Actividades de aula = 10 %

Actividades teóricas optativas = 10 %

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS = 30 %

Probas prácticas = 20 %

Traballo no laboratorio = 5 %

Actividades optativas = 5 %

UD 4. Obtención do positivado da impresión (15 %)

CONTIDO CONCEPTUAIS = 80 %

Probas teóricas = 50 %

Actividades de repaso = 10 %

Actividades de aula = 10 %

Actividades optativas = 10 %

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS = 20 %

Probas prácticas = 10 %

Traballo no laboratorio = 5 %

Actividades optativas = 5 %

UD 5. Elaboración de modelos, cubetas individuais, pranchas base e rexistros de oclusión (15 %)

CONTIDO CONCEPTUAIS = 80 %

Probas teóricas = 50 %

Actividades de repaso = 10 %

Actividades de aula = 10 %

Actividades optativas = 10 %

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS = 20 %

Probas prácticas = 10 %



Traballo no laboratorio = 5 %

Actividades optativas = 5 %

UD 5. DAO de prótesis (20 %)

CONTIDO CONCEPTUAIS = 100 %

Probas teóricas = 80 %

Actividades optativas = 20 %

UD 6. Proceso de fabricación. A prescripción facultativa e lexislación (5 %)

CONTIDO CONCEPTUAIS = 100 %

Probas teóricas = 80 %

Actividades optativas = 20 %

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Segundo o artigo 29 da Orde do 12 de Xullo de 2011 de desenvolvemento, avaliación e acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOG 15 de xullo de 2011), o alumnado que teña módulos pendentes entre a 3ª avaliación parcial e a final de módulos, deixarase un período non superior a 3 semanas que, entre outras actividades, destinarase á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes, deseñadas en base ó informe individualizado, elaborado polo equipo docente logo de realizada a 3ª avaliación. Polo tanto, as recuperacións das avaliacións suspensas, serán realizadas durante o período habilitado para tal fin, segundo CALENDARIO ESCOLAR. Se poderá valorar por necesidades do alumnado ou do profesorado segundo criterios de avaliación, a realización de ditas probas durante o transcurso das avaliacións.

#### **PROBA EXTRAORDINARIA**

A recuperación dos apartados 1.2. Probas teóricas e 2.1. Probas prácticas, se realizará por UD, e consistirán no mesmo tipo de probas realizadas nas avaliacións parciais, segundo os criterios establecidos sobre contidos mínimos esixibles non acadados, teóricos e/ou prácticos, en cada unha das avaliacións.

A cualificación de ditas probas seguirá os mesmos criterios de cualificación mencionados para as avaliacións xerais, polo que, para a superación de ditas probas, deberase alcanzar unha nota mínima dun 5 sobre 10



en cada unha das partes mencionadas (teórica e práctica) de cada unha das avaliacións pendentes. Dita nota será substituída pola nota obtida durante as avaliacións ordinarias do curso.  
Non se realizarán recuperacións das restantes partes, aínda que se deberá ter en conta que estas farán media coas notas obtidas nas partes recuperadas para o cálculo da NOTA da UD correspondente.

#### NOTA FINAL

A nota final do módulo será calculada cós mesmos criterios que para as avaliacións parciais, facendo media con tódalas partes realizadas polo alumnado, substituíndo as notas suspensas polas notas obtidas nas recuperacións, en cada un dos apartados mencionados anteriormente nas 3 avaliacións. Así mesmo, terase que ter en conta, o carácter excluínte de cada unha das partes, de xeito que aquelas persoas que non alcancen unha nota mínima dun 4.5 sobre 10, non poderán facer media cos restantes apartados.

A nota final do boletín será igualmente un número enteiro, o cal tamén será redondeando cara arriba cando o primeiro decimal sexa 5 ou superior, e cara abaixo cando sexa inferior a 5.  
Para a superación do módulo deberase acadar unha NOTA MÍNIMA dun 5 sobre 10.

O alumnado que desexa SUBIR NOTA no módulo, poderá acudir á realización dun exame final, que versará sobre todos contidos teórico e/ou teórico - prácticos do currículo establecidos na programación, o cal poderá consistir nunha proba escrita, con preguntas de diferente índole, tipo test, curtas ou de desenvolvemento e/ou unha parte de traballo práctico no laboratorio. A nota acadada en dita proba, será a nota final do módulo sexa maior ou menor á obtida anteriormente.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O número máximo de faltas de asistencia, non xustificadas ou xustificadas, segundo a normativa dos CFP, para ter dereito á avaliación continua será do 10 % das horas do módulo.  
A perda deste dereito supón a perda a avaliación continua e polo tanto a realización de exames parciais, pero dáse dereito a unha avaliación extraordinaria despois da avaliación final do módulo, que consistirá nunha proba teórica e outra proba teórico-práctica e/ou práctica sobre os contidos do módulo.  
A perda de avaliación permite a asistencia do alumnado a clase aínda que non a ser examinado parcialmente.

O alumnado que perdera o dereito á avaliación continua poderá presentarse a unha proba extraordinaria de avaliación final dos módulos durante o período de recuperación fixado segundo calendario oficial do centro, despois da avaliación final do mesmo.

#### CONTIDO DO EXAME EXTRAORDINARIO PERDA DE AVALIACIÓN

1º Parte. Proba teórica (eliminatória): versará sobre os contidos teórico e teórico - prácticos da programación. Poderá consistir en preguntas tipo test, resposta curta o desenvolvemento de contidos do módulo.  
Dita proba será de carácter excluínte, de xeito que o alumnado que non supere dita proba non poderá acceder a realización da seguinte parte. A duración máxima desta parte será de 2 horas.



2º Parte. Proba práctica (eliminatória): versará sobre os contidos prácticos e teórico - prácticos da programación. Poderá consistir en desenvolver algún concepto práctico segundo os contidos da programación e/ou contestar preguntas tipo test, resposta curta o de desenvolvemento referidos os mencionados contidos. Dita proba será de carácter excluínte, de xeito que aquelas persoas que non a superen terán o módulo suspenso. A duración máxima desta parte será de 3 horas.

#### CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

- 1º Parte. Proba teórica. Cuantitativa 70% (0-10 puntos)
- 2º Parte. Proba práctica. Cuantitativa 30% (0-10 puntos) (En caso de existir contidos prácticos no módulo, en caso de non existir, dita porcentaxe será sumada a proba teórica).

Para acadar a cualificación positiva na proba de avaliación extraordinaria e superar o MÓDULO, haberá que acadar unha nota mínimo de 5 sobre 10 como media de ambas probas, e para poder facer media entre ambas, unha nota dun 4,5 sobre 10 nalgunha das partes.

NOTA: poderase modificar a porcentaxe de cualificación das probas teórico e práctica, e/ou a suspensión e/ou substitución por outras actividades dalgunha delas, segundo criterio do profesorado, o centro educativo, previa notificación o alumnado afectado segun necesidades da programación.

### 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización
- O logro dos obxectivos programados
- Os resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos ou peticións de opinións aos alumnos nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

O seguimento e/ou modificación da programación realizarase nesta plataforma según os criterios establecidos na mesma, deixando reflexado a porcentaxe de consecución dos obxetivos e cumprimento da programación así como os cambios introducidos na mesma, os seus motivos e as novas necesidades, según os prazos establecidos.

Ó final de curso cada docente realizará a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido (MD.85.PRO.04) na que se incluírán todas as propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

Ademais realizarase a avaliación final desta programación didáctica, na que se anotarán todas as incidencias acaecidas ao longo do mesmo. Esta avaliación será realizada en principio polo profesorado, que anotará as súas observacións nun impreso que recolla todos os apartados da mesma.

NOTA: en caso de adopción de situacións especiais derivadas da pandemia sanitaria, como son semipresencialidades, confinamentos parciais ou totais do grupo, e/ou confinamento da poboación xeral, adoptaranse metodoloxías específicas para a adaptación da programación as necesidades que xurdin derivadas de dita situación.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial para detectar os coñecementos previos do alumnado en relación ó módulo.

Observarase ó alumnado nas primeiras semanas do curso e emitírase un informe para o titor/a.

O titor/a recabará os informes individualizados do alumnado repetidor, información de estudos académicos, ditames específicos do alumnado con calquer tipo de discapacidade, con necesidades educativas especiais e experiencia laboral previa.

Segundo o artigo 28 da Orde do 12 de Xullo de 2011, o/a titor/a levantará acta dos acordos da sesión de avaliación inicial do equipo docente, e remitirá copia á xefatura de estudos.

NOTA: debido a situación de pandemia sanitaria actual, e preciso levar a cabo a detección de posibles brechas dixitais no alumnado do grupo.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para os alumnos que presenten carencias importantes na formación básica ou formación profesional de base que impida conseguir un aproveitamento aceptable nas sesións de ensinanza-aprendizaxe facilitaranse conceptos de apoio e soporte. Asemade reforzase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.

Adaptaranse tamén as actividades de ensinanza-aprendizaxe esixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables.

Darase a oportunidade á realización de actividades extra para compensar as carencias que son detectadas.

A diversidade do alumnado que conleva o sistema educativo obriga a realizar adaptacións máis ou menos significativas en cada un deles, de cara a conseguir o mellor desenvolvemento posible das capacidades, expresadas nos obxectivos xerais.

Así pois, surge a necesidade de realizar adaptacións do currículo.

A atención o alumnado con NEE rexírase polos principios de normalización e integración escolar, e dicir, co resto dos alumnos, no mesmo centro e se expresará no:

- D.C.B. - A Administración educativa concreta o currículo para toda a poboación escolar.





**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

-P.C.C. - O centro acomoda o currículo dacordo coas características dos seus alumnos, do seu contexto socio-cultural e do propio centro.

- Programacións de aula - Os Equipos Docentes ou Departamentos adecuan o currículo dacordo as características dos alumnos do ciclo e /ou aula.

-A.C.I. - Os titores, profesores e profesores de apoio, asesorados por especialistas, acomodan o currículo tendo en conta as características individuais.

Ante a posible existencia de alumnos cun grao insuficiente de desenvolvemento das competencias curriculares básicas , sobre todo nos ámbitos da comprensión, da expresión e da reflexión -, coa conseguinte dificultade na asimilación de contidos, é necesario prever nas unidades didácticas actuacións concretas para cando se detecten ditas situacións.

Teráse que reforza-los aprendizaxes deses alumnos con actividades específicas planificadas dacordo coas súas necesidades.

As posibles adaptacións no só deberán responder a criterios de eficiencia na consecución das capacidades terminais, senon que tamén serán elementos de valor:

Ritmos de aprendizaxe, as motivacións do alumnado, seus intereses e expectativas, seu grao de integración, etc.

Todo de cara a realiza-las oportunas modificacións nas programacións, sobre todo no ámbito da aula, para conseguir unha plena integración de tódolo alumnado na dinámica da materia e un desenvolvemento correcto das capacidades.

Desta maneira, favoreceráse a autoestima do alumnado e valorarásese o esforzo que realizan, para mellorar seu rendemento, nun intento de potencia-la avaliación formativa, axustando a axuda pedagóxica as súas necesidades reais de aprendizaxe.

Para levar a cabo calquer tipo de reforzo ou adaptación (sempre en colaboración do titor e do orientador) deberánse revisar algúns elementos básicos da programación:

-As capacidades terminais e os contidos

-Desenvolvemento dos máis importantes en cada caso.

-Establecemento de obxectivos ou contidos alternativos e /ou complementarios.

-Modificación, ampliación ou eliminación de obxectivos ou contidos.

- Variacións na secuencia de contidos (temporalización).

- A metodoloxía

-Técnicas de traballo cooperativo.

-Actividades de pequeno grupo con dificultade gradual.

-Actividades de reforzo, poden ser alternativas.

-Reforzo positivo, valora-las capacidades do alumno /a, mellorar sua autoestima.

Medidas extraordinarias: A.C.I.

-Modificacións tanto en criterios, en instrumentos como en procedementos avaliativos.

NOTA: na situación actual de pandemia sanitaria, e de especial interese, detectar situación de brechas dixitais no alumnado do grupo, pola posible situación de confinamentos parciais, totais y/ou da poboación xeral, coa finalidade de paliarlas na medida do posible, e facilitar o seguemento nas mellores condicións do alumnado afectado. NOTA: na situación actual de pandemia sanitaria, e de especial interese, detectar situación de brechas dixitais no alumnado do grupo, pola posible situación de confinamentos parciais, totais y/ou da poboación xeral, coa finalidade de paliarlas na medida do posible, e facilitar o seguemento nas mellores condicións do alumnado afectado.



## **9. Aspectos transversais**

### **9.a) Programación da educación en valores**

No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia. Estes conceptos, así como respecto aos compañeir@s, profesorado, talleres, e material de traballo traballaranse a través de diferentes actividades.

Educación medioambiental. As materias primas que utilizamos, as transformacións que podemos realizar e os refugallo que xeramos, inciden directamente na calidade do medio ambiente, polo que deberanse aplicar durante todo o curso as medidas de eliminación de recursos establecidas segundo a normativa dos produtos xerados no laboratorio.

O uso de enerxías renovables, o reciclaxe e a sustentabilidade estarán presentes intrínsecamente pero tamén en forma de actividades específicas.

Educación para a saúde. A saúde é chave na benestar das persoas polo que é importante seguir uns criterios responsables no desenvolvemento do traballo, establecidos segundo os criterios de seguridade e prevención de riscos do laboratorio, que se deberán seguir por todo o persoal que o utilice, coa finalidade de evitar accidentes no entrono de traballo. Así mesmo, teránse en conta os requirimentos específicos e/ou especiais do alumnado, así como os novos hábitos sanitarios.

Equidade de xénero. A perspectiva de xénero no ámbito educativo é de especial interés para transmitir os valores adecuados o alumnado, facendo presente de maneira transversal nos diferentes módulos do ciclo a equidade de xénero como un paso importante para a creación dunha nova sociedade libre de estereotipos e igualitaria. O uso dunha linguaxe inclusiva nas aulas e no material didáctico, así como aportación en feminino referidas os contido do módulo, facilitan o cambio educacional da sociedade cara unha igualdade efectiva e real entre mulleres e homes.

NOTA: na situación actual de pandemia sanitaria, e de especial interese levar a cabo formación en materia de prevención de riscos fronte a infección polo covid - 19 do alumnado durante todo o curso de xeito transversal en tódolos módulos.

### **9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

Actividades previstas durante o curso escolar Sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no R.R.I.e poidan levarse a cabo no desenrolo da programación. A temporización repartirase nos tres trimestres dependendo das dispoñibilidades orzamentarias e da programación.

#### **COMPLEMENTARIAS**

Visitas a laboratorios onde o alumno poda ver, sobre todo, maquinaria e programa informático que non poden ver na aula

Visita a laboratorios dentais con CAD-CAM,

Visita a feiras de exposición de equipamentos dentais



EXTRAESCOLARES

Charla- coloquio sobre Normas de Seguridade e Hixiene.

As actividades que xurdan ao longo do curso, que os orzamentos do ciclo poidan pagar, sempre que sexa autorizado polo Consello Social.